

Cad Aten Primaria  
Ano 2011  
Volume 18  
Páx. 84-84

## EDITORIAL: XVI Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria

Graciela González Belmonte  
Presidenta do Comité Organizador

Os vindeiros 25 e 26 de novembro de 2011, terán lugar as Xornadas Galegas da nosa Sociedade na cidade de Lugo, cidade onde atoparedes as portas da súa muralla abertas para todo o que se achega ata ela.


É unha ocasión especial para o comité organizador celebrar na nosa cidade este novo encontro entre tódolos compañeiros de profesión, xa que van uns nove anos dende a conmemoración das últimas Xornadas que tiveran lugar en Lugo.

Dende un inicio, estivemos de acordo en que o contido deste ano abarcará temas interesantes na nosa práctica diaria e adaptados os tempos que estamos a vivir. Deste xeito, atoparedes obradoiros, mesas e simposiums con gran variedade de temas, que esperamos sexan de utilidade e satisfactorios para tódolos congresistas. Ademais, contamos cun bo número de comunicacións científicas grazas á vosa colaboración. Todo elo, coma sempre, cun gran nivel científico.

A nosa labor ten moitas fronteas abertas, e dado o momento social no que nos atopamos, e a crispación xeral dos cidadáns pola situación de crise que estamos a sufrir, somos un dos piares da sociedade no que recae gran responsabilidade, que é a saúde dos nosos doentes, tanto física como mental, e tamén a nosa propia. Estes encontros son moi importantes en moitos sentidos, tanto a nivel científico como a nivel persoal, facendo das nosas vivencias unha posta a punto do noso motor, recargando o combustible para continuar coa nosa labor coma médicos de familia e da comunidade, é dicir, o primeiro elo da cadea da saúde.

Quero agradecer á Xunta de AGAMFEC que confiaron en nós para esta labor, ao comité organizador e científico polo seu traballo e a súa disposición a embarcarse comigo nesta travesía e en definitiva a todos vos por colaborar nesta xuntanza e participar nela.

Vémonos pronto na cidade máis antiga da nosa Galicia, Lucus Augusti.



Un saúdo.